

“Os exércitos permanentes son unha incesante ameaza de guerra para os demais Estados, posto que están sempre dispostos e preparados para combater. Os diferentes Estados empéñanse en superarse uns a outros en armamentos, que aumentan sen cesar. E como, finalmente, os gastos ocasionados polo exército permanente chegan a facer a paz aínda máis intolerable que unha guerra curta, acaban por ser eles mesmos a causa de agresións, cuxo fin non é outro que librar ao país da pesadumbre dos gastos militares. Engádase a isto que ter xentes a soldo para que morran ou maten parece que implica un uso do home como mera máquina en mans doutro -o Estado-; o cal non se compadece ben cos dereitos da Humanidade na nosa propia persoa”.



30 DE XANEIRO DÍA DA PAZ

LECTURAS PARA O
MÉRCORES 30

CARA UNHA PAZ PERPETUA
Fragmentos Kantianos. (1795)

“Hai dúas cousas infinitas,
o universo e a estupidez humana”

A. Einstein

BIBLIOTECA FERNANDO BLANCO
Inverno 2008

Sobre a paz perpetua (1795), escrita pouco logo da paz de Basilea entre Francia e Prusia, é unha das últimas obras de Immanuel **Kant**, na cal marca o imperativo moral para a humanidade, a saber, que non haxa guerra.

En *Sobre a paz perpetua*, Kant compendia as súas reflexións sobre a moral, o dereito, a filosofía da historia e a política. O home é escenario de múltiples contradicións: ao impulso cara ao progreso opónse a tendencia a acomodarse nas condicións xa conseguidas, á tendencia a convivir cos seus semellantes opónse a tendencia a illarse. A condición humana vese así caracterizada pola «**insociable sociabilidade**». No longo desenvolvemento da historia, Kant cre discernir un designio da natureza, que implica a superación desas contradicións a medida que se despregan as facultades racionais do home.

O maior problema para a especie humana, a cuxa solución lle impulsa a natureza, é instaurar unha sociedade civil que faga cumprir de xeito universal o dereito. Do mesmo xeito que era preciso facer saír ao home do estado de natureza para facerlle entrar na sociedade civil, é necesario facer saír aos Estados das posicións enfrontadas en que se atopan para constituír unha unión de Estados ou Estado dos pobos, é dicir unha federación de repúblicas. O problema dunha constitución perfecta vincúlase aquí cunha disciplina xurídica das relacións dos estados, mediante unha confederación de pobos que, con todo, non sexa un Estado de pobos - el rexeita a idea dun Estado universal-. Trátase de asegurar unha sociedade cosmopolita que permita a máxima liberdade e asegure de xeito preciso os límites da liberdade de cada un, de maneira que poida ser compatible coa liberdade dos demais. A esta disciplina Kant denomínaa «dereito cosmopolita».

«Os estados con relacións recíprocas entre si non teñen outro medio, segundo a razón, para saír da situación sen leis, que conduce á guerra, que o de consentir leis públicas coactivas, do mesmo xeito que os individuos entregan a súa liberdade salvaxe (sen leis), e formar un Estado de pobos (civitas gentium) que, (sempre, por suposto, en aumento) abarcaría finalmente a todos os pobos da terra.»

Para Kant, a consecución da paz perpetua pódese considerar, certamente, unha idea empíricamente irrealizable, é dicir, á que nin-

gunha realidade política na experiencia se adecua. Con todo, isto non significa que se trate dunha utopía, senón da meta á que conduce lentamente o proceso teleolóxico da historia. O instinto de conservación, a superación dos conflitos destrutivos, o equilibrio das forzas opostas, son medios dos que se serve unha sabedoría infinita á que, para evitar os voos da fantasía metafísica, Kant denomina natureza, e que é capaz de realizar no seu oculto designio da historia o que é tamén o máximo imperativo da razón práctica: a paz perpetua.

CARA UNHA PAZ PERPETUA

Fragmentos Kantianos. (1795)

“Un hostaleiro holandés puxera a seguinte inscrición na mostra da súa casa, debaixo dunha pintura que representaba un cemiterio: “Cara a paz perpetua”, estaba dedicada a todos os “homes” en xeral, ou especialmente aos gobernantes, nunca fartos de guerra, ou ben quizá só aos filósofos, entretidos en soñar o doce soño da paz? Quédesen sen resposta a pregunta. Pero o autor destas liñas fai constar que, posto que o político práctico afai desdeñar, orgulloso, ao teórico, considerándolle como un pedante inofensivo, cuxas ideas, desprovistas de toda realidade, non poden ser perigosas para o Estado, que debe rexerse por principios fundados na experiencia; posto que o gobernante, “home experimentado”, deixa ao teórico xogar o seu xogo, sen preocuparse del, cando ocorra entre ambos un disentiemento, deberá o gobernante ser consecuente e non temer que sexan perigosas para o Estado unhas opinións que o teórico atreveuse a concibir, vullan o que valeren. Sirva, pois, esta “cláusula salvatoria” de precaución que o autor destas liñas toma expresamente, na mellor forma, contra toda interpretación malévola”.

“Un Estado non é -como o é, por exemplo, o “chan” que ocupa- un haber, un patrimonio. É unha sociedade de homes sobre a cal ninguén, senón ela mesma, pode mandar e dispor. É un tronco con raíces propias; por conseguinte, incorporalo a outro Estado, inxertándoo, por dicilo así, nel, vale tanto como anular a súa existencia de persoa moral e facer desta persoa unha cousa. [...] Todo o mundo sabe ben a cantos perigos expuxo a Europa ese prexuízo acerca do modo de adquirir Estados que as outras partes do mundo nunca coñeceran”.